

• BUSCA O SIGNIFICADO DAS PALABRAS SUBLIÑADAS E ESCRIBE AQUEL QUE SE AXUSTE MAIS À LECTURA

• RESUME O TEXTO E NON ESQUEZAS A SÚA IDEA FUNDAMENTAL,

Coñecentos



Animais extinguidos

Na terra houbo animais que viviron durante moito tempo e que desapareceron. A estes animais que xa non viven no planeta chámaselles "animais extinguidos".

Os máis coñecidos de todos os animais extinguidos son os dinosaurios. A palabra dinosauro significa "lagarto terrible". Extinguíronse hai uns 65 millóns de anos.

Algunhas extincións son moito máis recentes. Un exemplo é a do dodo de Illa Mauricio. Esta estraña ave tiña o tamaño dun pavo, non voaba e movíase con dificultade. No idioma da illa onde habitaban, duodo significa "torpe". Cando os europeos chegaron á illa onde habitaba, hai uns 400 anos, cazárona pola súa carne ata facela desaparecer.

Na actualidade, moitos animais corren perigo de extinción. A maior parte deles por culpa do ser humano. Algúns son tan coñecidos como o tigre, o oso panda, o lince ibérico, a aguiá imperial ibérica, algúns lagartos e ras...



Coñecentos

As plantas medicinais

Todas as plantas expulsan osíxeno á atmosfera. De moitas delas obtemos madeira. Outras proporcionánnos alimentos. Dalgunhas extraemos fibras vexetais para facer roupa, ou cestos, ou sombreiros... E miles delas proporcionánnos medicinas. Estas son as plantas medicinais.

Moitas plantas medicinais son coñecidas desde a Antigüidade e foron utilizadas para eliminar inflamacións (a margarida), cicatrizar feridas (a caléndula), facilitar a respiración (a malva), reducir a tose (a regalicia), como calmantes (a valeriana, a tila, a menta ou a macela)...


A maior parte das medicinas que se venden nas farmacias obtéñense de plantas. As follas e as raíces dunha árbore chamada teixo, por exemplo, utilízanse para elaborar medicamentos contra o cancro.

Das plantas obtemos moitos produtos de interese para os humanos.

Menta



Macela



Coñecentos


Unha pequena bióloga

Cando chegan as chuvias de primavera, a pequena poza que hai xunto á aldea échese de auga. Moitos animais, sobre todo paxaros, acoden alí para beber. Algunhas aves beben desde a beira; outras fano ao voo, e, ademais, aproveitan para cazar algún insecto.

Por debaixo da auga, abríronse os ovos de ra e saíron unhas pequenas larvas, os cágados, que son como peixiños.

O increíble é que, en pouco tempo, estas larvas medran, desenvolven patas e acaban converténdose en ras con pulmóns, que poden vivir fóra da auga.

Anxos, que é unha namorada dos animais, vai alí moitas tardes observar como van medrando os cágados. Soña con que un día será bióloga ou veterinaria.



Anxos observa os animais d' unha charca: paxaros, cágados, insectos e os cágados que logo serán rãs.

ANIMAIS EXTINGUIDOS

- 1.- Busca o significado das palabras subliñadas despois escribe o que máis se axuste ao texto.
- 2.- Resume o texto e non esquezas a súa idea principal.

PLANTAS MEDICINAIS

- 1.- As plantas realizan as tres funcións vitais de todo ser vivo. Cales son?
- 2.- Copia a primeira frase da lectura e di con que función vital das plantas pódese relacionar e por que.
- 3.- Fai un resumo do texto

UNHA PEQUENA BIÓLOGA

- 1.- O ecosistema que se describe nesta lectura é un ecosistema acuático. Elix a resposta correcta
Ecosistema acuático de auga salgada (marino)
Ecosistema acuático de auga doce
- 2.- Busca as palabras bióloga e veterinaria no dicionario. Escribe o significado que mellor se axuste ao texto e despois escribe unha frase con cadansúa palabra.